


MANIFESTO

GFF

LONDRES, 2016

O noso proxecto é resultado dunha ilusión compartida pola nosa cultura e pola potencialidade das nosas creadoras e creadores, así como por unha nova idea das industrias culturais. Con esa idea, presentamos aquí o noso MANIFESTO GFF, onde incluímos tanto a misión que nos define como a nosa visión de futuro e os valores sobre os que nos organizamos e traballamos.



MISIÓN

Queremos cine. O GFF é unha plataforma de exhibición audiovisual en Londres do cine galego, entendendo este como o realizado por creadores e creadoras residentes en Galiza ou fóra dela. Ven a cubrir así parte das carencias na distribución, exportación e apoio institucional do noso cine. Trata de chegar ao máis amplo sector de públicos, incluída a comunidade galega, popularizando o específico do noso cine como parte dunha cultura audiovisual global.

Queremos crear. O GFF sitúase ademais como punto de encontro entre creadores galegos residentes en Londres de calquera disciplina artística, para crear sinerxías e dar soporte a calquera outro tipo de proxecto cultural, poñendo especial atención en visibilizar novas propostas de artistas emerxentes que viven fóra de Galiza.

Queremos identidade. O GFF traballa por ampliar e anovar a identidade colectiva da chamada Galiza exterior. É unha ponte cultural nova entre Inglaterra, Galicia e o resto do mundo desde a potencialidade multicultural e vangardista de Londres. Reclamámonos ademais parte da comunidade galega no Reino Unido, e comprometémonos polo tanto a traballar a carón doutras iniciativas e proxectos irmáns que nazan na nosa diáspora.

Queremos xogar. O GFF é unha plataforma creativa lúdica, aberta e interdisciplinario onde cada un de nós desenvolve a súa creatividade individual e súa identidade colectiva, e está sempre aberto a xogar e tecer redes con proxectos e culturas afíns que partillen cos nosos valores.

VISIÓN

GFF-FESTIVAL. Aspiramos a ser unha estrutura de traballo cultural estable, cuxo evento central sexa a produción dun festival de cine de produción galega. Asemade, o GFF pretende ser unha plataforma que promova eventos doutras disciplinas artísticas e dialogue con proxectos similares.

GFF-NETWORKING. Do mesmo xeito, funcionaremos como ferramenta de *networking* e de distribución para toda a creatividade galega na diáspora. Para o caso do cine galego, o GFF usará encontros sectoriais en Londres entre cineastas de Galiza e axentes da industria cinematográfica do Reino Unido, e poderá funcionar como *Galician Film Commission*, asesorando a producións inglesas interesadas en rodar en Galiza.

GFF-FORUM. Outro obxectivo do GFF é chegar a ser un foro internacional entre cineastas galegas/os e doutras cinematografías, co cine como obxecto de reflexión e a súa relación coa sociedade como ferramenta de cambio.

GFF-GLOCAL. O GFF ten sé en Londres pero ten vocación xeográfica global, móbil e itinerante. No futuro, as actividades do GFF poderanse desenvolver localmente alá onde estean todos ou parte dos seus membros, nun único lugar ou en varios de forma coordinada.

VALORES

ORGANIZATIVOS. Somos unha organización aberta, horizontal, democrática e transparente, cunha estrutura asemblearia. En consecuencia, estamos comprometidos co traballo en equipo, coa corresponsabilidade nos acertos e nos erros, e cremos na transformación social como fin último da cultura.

IDENTITARIOS. Asumimos un compromiso identitario co fomento da nosa cultura no mundo, coa súa situación minorizada pero emerxente e especialmente coa normalización do uso do idioma galego no concerto mundial de linguas, máis alá do territorio galego. Somos illa e colonia do idioma alén do mar. Somos embaixada da nosa fala e por iso asumimos 3 criterios organizativos e artísticos cruciais nos que o uso do galego será prioritario (ver á parte).

EQUIDADE E XÉNERO. Temos filosofía inclusiva e asumimos como norma a Lei no Reino Unido de Igualdade de Oportunidades e non Discriminación (Equality Act 2010). Escollemos especialmente de forma activa a visibilización de xénero, implantando un código propio vertebrado en 4 criterios organizativos e artísticos cruciais (ver á parte) para axudar a conseguir unha sociedade paritaria entre xéneros.

COLABORATIVOS. Creemos non só na eficiencia e división do traballo, senón tamén na aprendizaxe polo xogo e a diversión no traballo. Partillamos ademais das novas filosofías da economía e coñecemento compartidos, do procomún, da xenerosidade e das redes de colaboración desinteresada na aparición de iniciativas culturais como a nosa propia, nada sen ánimo de lucro.

PROFESIONAIS. Dito isto, traballamos tamén para fomentar a normalización e profesionalización do sector audiovisual galego, polo que aspiramos a remunerar o traballo do noso equipo e das persoas colaboradoras e creadoras coas que traballemos.

CRITERIOS DE ESCOLLA DE FILMES NO GFF PARA A SÚA EXHIBICIÓN:

- 1- Calidade artística.
- 2- Accesibilidade. Cesión ou non da copia.
- 3- Xénero. Presencia de mulleres na equipa (dirección, produción, etc.).
- 4- Idioma. Uso do galego.
- 5- Temática. Relacionada con Galicia, nun sentido amplo.
- 6- Percorrido. (mellor os que leven pouca ou media difusión).
- 7- Creadora/creador na diáspora (mínimo un/unha en cada edición).

VISIBILIZACIÓN DE XÉNERO:

- 1- Na selección de filmes (2-3) haberá sempre un mínimo dun filme dirixido por unha muller ou producido por unha equipa eminentemente de mulleres.
- 2- Na presentación da gala haberá sempre que sexa posible polo menos unha muller presentadora. Do mesmo xeito, buscarase a paridade de xénero coas persoas invitadas ao debate despois dos filmes, no Q&A.
- 3- O GFF comprométese a incorporar na súa organización interna o maior número de mulleres posibles en lugares de responsabilidade e coordinación de áreas específicas, con especial atención á visibilidade do propio GFF perante os medios de comunicación.
- 4- O GFF promoverá ademais un novo uso non sexista da linguaxe.

COMPROMISO CO IDIOMA:

- 1- A presenza do galego nun filme será criterio valioso para escoller entre as propostas de cada edición.
- 2- A equipa tenderá a usar o galego nas reunións, documentos e comunicacións internas, sexan escritos ou orais, e será a lingua vehicular primeira e preferente tamén nas súas comunicacións externas cos medios, público, colaboradores, etc.
- 3- Londres é a urbe máis políglota do planeta e o GFF quere contribuír a iso conducindo as súas galas o máximo posible tanto en inglés como en galego, e contará sempre que sexa factible cunha intérprete galega para todas as persoas non galegofalantes.